

Dentro do compromiso asumido por Caixa Rural Galega con relación ao cumprimento da normativa vixente, nacional e internacional, cobran unha especial importancia as medidas implantadas pola entidade tendentes a evitar a comisión, por parte do persoal empregado e directivo, de condutas delituosas tipificadas na lexislación penal.

Para estes efectos, o Consello Reitor de Caixa Rural Galega estableceu un modelo de prevención de riscos penal (en diante, o modelo PRP) que ten por obxecto evitar, ou polo menos mitigar, no posible a comisión de delitos no ámbito da actividade propia da entidade. Este modelo é tamén extensivo aos membros do propio órgano de administración da entidade e a varias sociedades participadas.

Entre as finalidades que persegue o modelo PRP está a de transmitir, tanto internamente como a terceiros e ao público en xeral, a cultura de cumprimento que rexe as relacións de negocio de Caixa Rural Galega, baseada no principio de tolerancia cero en canto á comisión de delitos.

Dentro das medidas adoptadas como consecuencia do establecemento do modelo PRP, procedeuse a relacionar as políticas e procedementos necesarios para mitigar o risco penal, habilitouse unha canle de comunicación co órgano responsable do modelo PRP para denunciar condutas que puidesen ser constitutivas de delitos e estableceuse un procedemento disciplinario para sancionar adecuadamente o incumprimento de todas as medidas incluídas no modelo PRP.

Este modelo PRP foi evolucionando a medida que se foron producindo cambios normativos e, fundamentalmente, como consecuencia das revisións periódicas deste. Estas últimas aconsellaron levar a cabo determinadas modificacións para adecuar o modelo ás novas necesidades dos nosos clientes e ás actividades desenvolvidas pola entidade.

Co fin de dar un paso máis nesta tarefa de aliñar a actividade desenvolvida por Caixa Rural Galega cos requirimentos normativos, considerouse conveniente transformar o modelo PRP da entidade nun sistema de xestión de cumprimento penal (SXCP) que non só estableza os requirimentos esixidos pola lexislación penal, senón tamén polo disposto na Norma UNE 19601 relativa a sistemas de xestión de *compliance* penal.

De conformidade coa Norma UNE 19601, o Consello Reitor de Caixa Rural Galega aprobou unha política de cumprimento penal cuxos principios fundamentais son os seguintes:

1. Actuar conforme ás leis e normas vixentes, e tamén de acordo co código de conduta, cos principios de actuación e coas políticas e procedementos internos desenvolvidos.
2. Promover unha cultura de cumprimento e de tolerancia cero respecto da comisión de actos ilícitos ou fraudulentos, así como aplicar os principios de ética e comportamento responsable.
3. Dotar o SXCP e o órgano de cumprimento penal dos recursos financeiros, materiais e humanos adecuados e suficientes para o seu funcionamento eficaz.
4. Definir e revisar a consecución dos obxectivos de cumprimento penal.
5. Identificar as actividades en cuxo ámbito poidan ser cometidos os delitos, analizar os riscos e controis asociados a estes e definir un plan de tratamento de riscos que inclúa controis eficaces, permanentes e actualizados.
6. Establecer políticas e procedementos internos dirixidos a evitar que as persoas baixo o ámbito de aplicación da política poidan ter facultades de decisión non sometidas a control.
7. Asegurar a autoridade e a independencia do órgano de cumprimento penal da entidade.



Información sobre o sistema de xestión de cumprimento penal de Caixa Rural Galega, SCCLG

8. Proporcionarlles apoio formativo continuo ás persoas que se atopen baixo o ámbito de aplicación da política.
9. Comprometerse coa mellora continua do SXCP a través da supervisión y seguemento do mesmo.
10. Transmitir a responsabilidade das persoas físicas ou xurídicas baixo o ámbito de aplicación da presente política respecto da vixilancia de condutas potencialmente ilícitas desde a perspectiva penal ao Comité de Dirección da entidade, en relación aos empregados baixo a súa responsabilidade, sobre posibles comportamentos ilícitos penais e procesos de detección e información establecidos.
11. Establecer a obrigatoriedade para todo o persoal da Entidade, de informar sobre feitos ou condutas sospeitosas relativas a posibles riscos penais, a través do Canle Ético establecido ao efecto.
12. Garantizar a confidencialidade e protección do denunciante, mirando porque non se produza ningún tipo de represalia sobre quen plantexara de boa fe as súas consultas, denuncias ou queixas a través do Canle Ético.
13. Investigar o máis axiña posible os feitos ou condutas sospeitosas comunicadas ao órgano de cumprimento normativo e garantir, en todo caso, tanto os dereitos da persoa denunciante coma da persoa denunciada.
14. Aplicar o réxime disciplinario no caso de que se produzan incumprimentos internos vinculados a posibles ilícitos penais en atención á normativa interna e legal de aplicación, así como en relación ao seu SXCP e á súa correspondente política.

Conforme esta **Política de Cumprimento Penal**, identificáronse tódalas actividades desenvolvidas pola Caixa Rural Galega, que no seu ámbito poden ser cometidos os delitos que deben ser previstos polo SXCP sen exclusión de ningún proceso da Entidade. En definitiva, ditas actividades circunscríbense á prestación de servizos bancarios, de servizos de investimento e de seguros.

Para facer calquera comentario sobre a información achegada neste documento ou para comunicar a posible comisión de condutas que puidesen resultar constitutivas dun delito, pode poñerse en contacto connosco no seguinte enderezo:

canaletico@caixaruralgalega.gal

Para estes efectos, poñemos á súa disposición o formulario de denuncia adxunto.